

Enlaces de interese na investigación clínica

Paula M. López Vázquez

Servizo de Investigación, Subdirección Xeral de Docencia e investigación sanitarias. Consellaría de Sanidade. Médico especialista en Farmacoloxía Clínica.

Joám J. Casas Rodrigues

Secretaría do Comité Ético de Investigación Clínica de Galiza. Médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria.

Cad Aten Primaria
Ano 2008
Volume 15
Páx. 356-356

- Páxina da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS): <http://www.agemed.es/home.htm>. No apartado de investigación clínica pódese atopar a información sobre os requisitos legais para iniciar ensaios clínicos, e estudos post-autorización con medicamentos ou produtos sanitarios.
- Páxina da European Medicines Agency (EMA), organismo da Unión Europea, responsable da coordinación dos recursos científicos postos a disposición dos estados membros para a avaliación, supervisión e farmacovixilancia dos medicamentos e produtos sanitarios. Resulta de especial interese as recomendacións do CHMP (Committee for medicinal products for human use) sobre diferentes aspectos de seguridade e eficacia que deben cumprir os ensaios clínicos con medicamentos segundo a patoloxía a tratar. <http://www.emea.europa.eu/htms/human/humanguidelines/efficacy.htm>
- Base de datos de Current Controlled Trials, iniciativa na que colaboran un grupo de empresas internacionais (Science Navigation Group) que permite o rexistro e a busca de ensaios clínicos gratuítos. Esta iniciativa facilita o seguimento e localización dos resultados de ensaios clínicos (que non figuran en estas bases de datos), o cal constitúe unha obriga ética e legal para evitar o nesgo de publicación. <http://www.controlled-trials.com/>
- Páxina do CEIC de Galiza, onde se pode atopar información sobre os procedementos de traballo, requisitos e prazos para a solicitude de avaliación de estudos de investigación, e outros documentos de interese relacionados coa investigación biomédica. http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=60018
- Páxina de recursos bioéticos do National Institute of Health dos EUA. Contén agrupados numerosos enlaces relacionados coa ética da investigación. <http://bioethics.od.nih.gov/>